

Decreto 00/2005, polo que se crea a estrutura piloto da Área Sanitaria de Ferrol.

Os Servizos de Saúde teñen como finalidade a prestación de servizos asistenciais á poboación, tanto de tipo preventivo como asistencial e rehabilitador no que, ademais da asistencia de agudos, a atención sociosanitaria ten unha especial relevancia polo aumento da esperanza de vida, a cronicidade dos procesos e a presenza de dependencia e discapacidades.

O Sergas ven prestando estes servizos a través de niveis con estruturas de xestión diferenciadas, pero a atención integral dos problemas de saúde dos cidadáns require a actuación interdisciplinar e coordinada de profesionais dos diferentes ámbitos.

De acordo cos principios rectores do Sistema Sanitario Galego establecidos na Lei 7/2003, do 9 de decembro, de Ordenación Sanitaria de Galicia, cómpre facer un esforzo para lograr unha atención de cara aos cidadáns, orientada a garantir os seus dereitos e a continuidade asistencial, mediante unha organización centrada no paciente como base para asegurar a calidade da asistencia, que supere a tradicional separación entre a atención primaria e a atención especializada e que tamén abrangue a atención sociosanitaria, cun modelo integral e un plan de coidados individualizado, buscando ao mesmo tempo unha sinerxía sanitaria e social.

Para asegurar o dito cambio, cómpre crear áreas sanitarias coma estruturas de xestión únicas adaptadas á atención integral das necesidades de saúde dos cidadáns, cos seguintes obxectivos específicos:

- a) A responsabilidade integral na continuidade asistencial de cada paciente, como superación da actual fragmentación da responsabilidade por centros, posibilitando unha mellora real dos procesos asistenciais.
- b) Intervir no proceso da enfermidade e diminuír a variabilidade clínica, mediante o establecemento de protocolos, guías e vías de práctica clínica.
- c) Acercar a prestación do servizo ao paciente, evitando os desprazamentos innecesarios.
- d) Redución da duplicidade de probas, procedementos e tratamentos.
- e) Integración progresiva da atención en procesos, desde unha óptica asistencial, priorizando aqueles que supoñan un maior volume de actividade nos diferentes ámbitos funcionais.
- f) Permitir a utilización do nivel mais adecuado de atención en cada etapa do proceso asistencial.
- g) Favorecer o traballo en equipo e a mellor utilización de recursos, aumentando a implicación dos profesionais na xestión.
- h) Sentar as bases para o establecemento dun sistema de calidade integrado.

- i) Dar maior capacidade de xestión que permita a solución das dificultades do día a día no nivel de área.

A desaparición das barreiras entre os dous niveis asistenciais permitirá considerar a atención de cada paciente coma un proceso lonxitudinal sen rupturas. Neste esquema, o rol do médico de familia cobra especial importancia como garante da atención da saúde de cada paciente e da integración de tódolos seus procesos asistenciais, que inician en terminan nel, cun enfoque de problemas de saúde, e xunto co persoal de enfermería, coordinar a educación para a saúde e a atención comunitaria.

O desenvolvemento e organización dos procesos asistenciais significa tamén un maior protagonismo do persoal de enfermería, que deberá asumir formalmente as funcións de cohesión e continuidade que xa veñen desempeñando na súa actuación profesional, así como as de desenvolvemento dos novos procedementos operativos estándar sanitarios, ampliando o seu ámbito profesional.

A Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia, no seu artigo 7, establece que corresponde ás áreas sanitarias a xestión unitaria dos recursos sanitarios públicos do seu ámbito territorial así como das súas prestacións e programas sanitarios, e que se desenvolverán por decreto do Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Sanidade, en función das necesidades sanitarias da Comunidade Autónoma, tendo en conta factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, meteorolóxicos e de dotación de vías e medios de comunicación.

A creación das áreas sanitarias significa un gran cambio organizativo e de prestación de servizos no sistema sanitario galego, polo que cómpre que o proceso sexa progresivo, comezando coa área sanitaria piloto de Ferrol, para evitar disfuncións asistenciais.

É competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, recoñecida no artigo 27.1 do Estatuto de autonomía, a organización das súas institucións de autogoberno. Da dita facultade deriva a correspondente capacidade de crear órganos e determinar as súas estruturas co fin de facer viva e viable aquela.

Na súa virtude, de conformidade co establecido no artigo 34.4. da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta do Conselleiro de Sanidade, cos informes previos do Consello consultivo de Galicia, da Consellería de Presidencia e Relacións Institucionais e Administración Pública e da Consellería de Economía e Facenda, trala deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do ... de ... de 2005,

DISPOÑO

Artigo 1. Obxecto

Ao amparo do establecido no artigo 7 da Lei 7/2003, de 9 de decembro, de Ordenación Sanitaria de Galicia, créase a Área Sanitaria de Ferrol, e regúlanse os órganos de dirección, asesoramento e participación, así como o ámbito territorial da mesma para a xestión integral dos recursos asistenciais, que figura no anexo do presente Decreto.

Artigo 2. A Área Sanitaria de Ferrol

A Área Sanitaria de Ferrol, como estrutura organizativa sen personalidade xurídica, xestiona a rede galega de atención sanitaria de utilización pública no seu ámbito territorial e integra tódolos centros de atención primaria e atención especializada do Sergas. Corresponde á Área Sanitaria de Ferrol a xestión unitaria dos recursos sanitarios do seu ámbito territorial, así como das prestacións e programas sanitarios que desenvolvan, excepto as funcións de autoridade sanitaria. A estes efectos, quédanlle adscritos a totalidade dos dispositivos e recursos sanitarios de utilización pública do seu ámbito territorial.

Os centros sanitarios do Sergas que pasan a integrarse na Area Sanitaria de Ferrol son os seguintes:

- Dirección de Ferrol da Xerencia de Atención Primaria da Coruña – Ferrol
- Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide Novoa Santos.

Artigo 3. Definicións

Aos efectos deste decreto, utilízanse as seguintes definicións:

- Proceso Asistencial: Conxunto de accións consecutivas necesarias para a realización dunha actuación asistencial, desde a prescrición ata a súa finalización, independentemente dos lugares onde se realice.
- Procedemento asistencial: Actividade que forma parte dun proceso asistencial.
- Procedemento operativo estándar sanitario (POES): Actividade normalizada que pode formar parte dun conxunto de procedementos asistenciais.
- Área de Xestión Clínica: Organización sen personalidade xurídica propia que agrupa unidades asistenciais, de un ou varios centros, para a atención integral por procesos dos pacientes, en grupos de patoloxías relacionadas do mesmo sistema, órgano ou aparato.

CAPÍTULO I: ESTRUCTURA DIRECTIVA

Artigo 4. Estrutura directiva

A estrutura directiva da Área de Ferrol componse de órganos unipersoais e órganos colexiados.

1. Órganos unipersoais.

Serán os seguintes:

- O Director Xerente de Área.
- O Director Asistencial de Procesos.

- O director de Recursos Económicos e Servizos Xerais.
- O director de Recursos Humanos

Sempre que sexa necesario, en función da complexidade e desenvolvemento da área, poderán crearse direccións, dependentes da Xerencia de Procesos e subdireccións, dependentes da Dirección de Recursos Económicos e Servizos Xerais e da Dirección de Recursos Económicos. Os nomeamentos destes postos serán realizados polo conselleiro de Sanidade a proposta do director xerente.

O máximo responsable da Área de Ferrol é o Director Xerente de Área, e del depende xerarquicamente o resto do equipo directivo. Forman o equipo directivo da área o Director Xerente de Área, o Director Asistencial, os directores e os subdirectores.

2. Serán órganos colexiados os seguintes:

- a) Como órgano colexiado de dirección da Área Sanitaria de Ferrol constituirase:
 - A Comisión de Dirección.
- b) Como órganos técnicos de asesoramento da Comisión de Dirección constituiranse:
 - A Comisión de Calidade.
 - A Comisión Asistencial.
 - Os Comités técnico - sanitarios.
- c) Como órganos colexiados de participación constituiranse:
 - O Comité de Seguridade e Saúde Laboral.
 - A Comisión de Participación Cidadá.

Artigo 5. Provisión de postos do equipo directivo

1. Os postos de carácter directivo da Área Sanitaria de Ferrol proveranse, consonte o artigo 62.3º da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de Ordenación Sanitaria de Galicia, polo sistema de libre designación, mediante convocatoria pública no «Diario Oficial de Galicia».
2. Poderán participar as persoas que se encontren vinculadas a calquera Administración pública por unha relación funcional ou estatutaria, ou ser contratadas conforme ao réxime laboral especial de alta dirección, regulado no Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, e de acordo co previsto no artigo 23 da Lei 8/2003, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004.

CAPÍTULO II: ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE DIRECCIÓN

Artigo 6. A Dirección Xerencia da Área Sanitaria de Ferrol

Á fronte da área sanitaria, como máximo responsable da asistencia sanitaria e da seguridade e saúde dos traballadores, estará o director.

O Director Xerente de Área, con licenciatura universitaria, será nomeado polo Conselleiro de Sanidade.

O Director Xerente de Área depende directamente do Director da División de Asistencia Sanitaria do SERGAS.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do Director Xerente de Área será substituído polo Director Asistencial de Procesos.

Artigo 7. Funcións do Director Xerente da Área Sanitaria de Ferrol

Son funcións do Director Xerente de Área:

- a. Ostentar a representación da Área Sanitaria de Ferrol e a superior responsabilidade dentro dela.
- b. Executar as directrices sinaladas pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde.
- c. Responsabilizarse da asistencia sanitaria da poboación da Área de Ferrol, tanto en centros propios como en centros concertados, e establecer obxectivos de servizos integrados de saúde.
- d. Garantir a continuidade dos coidados mediante a organización baseada nos procesos, coa participación de tódolos recursos da área, de forma que os problemas de saúde se resolvan o máis cerca posible da residencia do paciente.
- e. Propoñer procedementos de manexo de pacientes que integren os diferentes recursos asistenciais da área
- f. Propoñer, impulsar e desenvolver as áreas clínicas da Área Sanitaria de Ferrol e as súas carteiras de servizos.
- g. Avaliar e controlar o funcionamento baseado nos procesos nas áreas clínicas, servizos e centros que a constitúen, e con respecto aos servizos que presta.
- h. Ordenar os recursos humanos, físicos e financeiros da área de acordo coa estrutura baseada nos procesos.
- i. Elaborar a proposta de obxectivos e plans de actividades da Área Sanitaria de acordo coas liñas establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- j. Programar, dirixir e controlar a execución da actividade da Área Sanitaria de Ferrol, a través dos medios persoais e materiais da área e a coordinación das súas unidades.

- k. Elaborar a proposta de actividade concertada da área sanitaria.
- l. Elaborar a proposta de anteproxecto de presupostos e propoñer a ordenación dos pagos dentro do seu presuposto de gastos.
- m. Elaborar a proposta de plans anuais económicos, de investigación e de docencia da Área Sanitaria de Ferrol.
- n. Presentar periodicamente un informe de xestión, así como elaborar a memoria anual de actividades.
- o. Adoptar as medidas necesarias para garantir a continuidade das actividades da Área Sanitaria de Ferrol, especialmente en casos de emerxencias internas ou externas.
- p. Presidir a Comisión de Dirección.
- q. Elaborar a proposta de incentivos do persoal directivo da Área Sanitaria de Ferrol, segundo os criterios establecidos polo Servizo Galego de Saúde.
- r. Propoñer o nomeamento e cese dos postos directivos da Área Sanitaria de Ferrol.
- s. Integrar información procedente das direccións da área sanitaria.
- t. Levar a cabo o plan informático da área, participando na confección do mesmo segundo as directrices da Consellería de Sanidade.
- u. Dirixir os proxectos parciais e globais, relativos á implantación de sistemas de información, de acordo coas liñas estratéxicas establecidas pola Consellería de Sanidade.
- v. O Director Xerente de Área poderá asumir directamente calquera das funcións asignadas neste decreto ás restantes Direccións.
- w. Exercer calquera outra función que lle sexa delegada polos órganos competentes.

Artigo 8. A Xerencia de Procesos

Á fronte da Xerencia de Procesos de Área Sanitaria de Ferrol estará o Director Asistencial de Procesos.

O Director Asistencial de Procesos, con titulación de licenciado en medicina, será nomeado polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Director Xerente de Área.

Dependendo directamente da Xerencia de Procesos de Área estarán os directores de procesos e o subdirector loxístico de área, que serán nomeados polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Director Xerente de Área entre o persoal sanitario con formación universitaria. Tamén dependen do Director Asistencial de procesos os xefes de servizo hospitalarios e de atención primaria.

2. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o Director Asistencial de Procesos será substituído polo director dependente del, de máis antigüidade no cargo, ou, de ser o caso, polo designado expresamente polo Director Xerente de Área.

Artigo 9. Funcións do Director Asistencial de Procesos da Área Sanitaria de Ferrol

Son funcións do Director Asistencial de Procesos:

- a. A elaboración das propostas de procedementos de manexo de pacientes que integren os diferentes recursos asistenciais da área, tanto centros propios coma centros concertados, así como a súa posta en marcha e mantemento despois da súa aprobación, coa finalidade de garantir a equidade no acceso e a atención integral dos procesos asistenciais.
- b. Promover a utilización de protocolos, vías clínicas e guías de práctica clínica.
- c. A programación, dirección e control da execución da actividade asistencial da Área Sanitaria de Ferrol.
- d. A xestión da admisión de pacientes e da lista de espera.
- e. A xestión dos concertos da área.
- f. A xestión das prestacións complementarias.
- g. Elevar á Dirección de Área a proposta de plans anuais de actividade asistencial, investigadora e docente, coa correspondente avaliación económica.
- h. A dirección, supervisión, coordinación e avaliación do funcionamento das áreas clínicas, proponendo ao Director Xerente de Área, no seu caso, as medidas necesarias para o mellor funcionamento das devanditas áreas e a carteira de servizos de cada área clínica, e dirixir o desenvolvemento das áreas clínicas de acordo co Plan Estratégico da Área Sanitaria de Ferrol.
- i. A execución dos programas de calidade asistencial e o seu control.
- j. Impulsar un sistema de información integrado na área, que garante a xestión e seguimento dos procesos.
- k. Todas aquelas que lle sexan encomendadas polo Director Xerente de Área.

Artigo 10. A Dirección de Recursos Económicos e Servizos Xerais da Área Sanitaria de Ferrol

Á fronte da Dirección de Recursos Económicos e Servizos Xerais da área estará o director de Recursos Económicos e Servizos Xerais.

O director de Recursos Económicos e Servizos Xerais, con licenciatura universitaria, será nomeado polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Director Xerente de Área.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do director de Recursos Económicos e Servizos Xerais, será substituído polo subdirector de máis antigüidade no cargo dependente del ou, de ser o caso, polo designado expresamente polo Director Xerente de Área.

Os subdirectores dependentes da dirección de Recursos Económicos e Servizos Xerais de Área, con formación universitaria, serán nomeados polo Conselleiro de Sanidade a proposta do

Director Xerente de Área e desenvolverán as súas funcións nas áreas de Recursos Económicos, de Sistemas de Información e de Loxística.

Artigo 11. Funcións do Director de Recursos Económicos e Servizos Xerais

Son funcións do Director de Recursos Económicos e Servizos Xerais:

- a. Elaborar a proposta, dirección, avaliación e control dos planes económicos da Área Sanitaria de Ferrol.
- b. A dirección económica e proposta de pagamentos da Área Sanitaria de Ferrol.
- c. Elaborar a presupostación interna das distintas direccións, así como das áreas clínicas.
- d. Colaborar na elaboración do anteproxecto de orzamentos.
- e. Participar na definición dos centros de custo, impulsando a adecuación dos sistemas de información para a xestión, de acordo co deseño organizativo da Área Sanitaria de Ferrol.
- f. Elaborar a proposta e dirección da contratación das obras, servizos e subministros.
- g. Dirixir o deseño, implantación, dirección e control dos sistemas de subministros, alimentación, lavandería, limpeza.
- h. A asistencia técnico - administrativa ás demais direccións e áreas clínicas.
- i. Dirixir e controlar os sistemas de mantemento das instalacións e equipamento.
- j. Deseñar a proposta de inventario para a súa aprobación pola dirección e dirixir a súa implementación e actualización continua.
- k. Dirixir a xestión de facturación e ingresos da área.
- l. Desenvolver o proceso de facturación a terceiros e interno, verifica-lo seu cumprimento e propoñe-los cobros e seguimento de impagados.
- m. Desenvolver a función de control do proceso dentro da área económico - financeira, e implantar un sistema de información económica útil para a xestión, que ademais permita o control.
- n. Impulsar a implantación dos sistemas de información corporativos e asegurar a correcta utilización dos relativos ao seu ámbito competencial.
- o. Todas aquelas que lle encomende o Director Xerente de Área.

Artigo 12. A Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria de Ferrol

Á fronte da Dirección de Recursos Humanos da área estará o director de Recursos Humanos.

O director de Recursos Humanos, con licenciatura universitaria, será nomeado polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Director Xerente de Área.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do director de Recursos Humanos, será substituído polo subdirector de máis antigüidade no cargo dependente del ou, de ser o caso, polo designado expresamente polo Director Xerente de Área.

Os subdirectores dependentes da dirección de Recursos Humanos de Área, con formación universitaria, serán nomeados polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Director Xerente de Área.

Artigo 13. Funcións do Director de Recursos Humanos

Son funcións do Director de Recursos e Servizos Xerais:

- a. Dirixir o desenvolvemento da política de persoal e das relacións laborais e promove-lo deseño, dirección, avaliación e control dos plans de desempeño, promoción, e incentivación do persoal.
- b. Elabora-lo deseño, implantación, dirección e control dos procesos de administración e xestión de persoal e a avaliación, segundo os criterios establecidos polas direccións respectivas, dos rendementos e capacitación do persoal.
- c. Coordinar a execución das actividades de formación continuada de acordo coa planificación da propia Área Sanitaria de Ferrol e do Servizo Galego de Saúde.
- d. Impulsar a implantación dos sistemas de información corporativos e asegurar a correcta utilización dos relativos ao seu ámbito competencial.
- e. Todas aquelas que lle encomende o Director Xerente de Área.

Artigo 14. Os directores de procesos

Os directores de procesos son nomeados polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Director Xerente de Área entre o persoal sanitario con formación universitaria, e teñen dependencia xerárquica do Director Asistencial de Procesos.

Á Área Sanitaria de Ferrol dispón de catro directores de procesos, que exercerán as súas funcións en tódolos centros e dispositivos asistenciais da área sanitaria.

1. Director de urxencias e de procesos ambulatorios non filiados. Responsabilízase das consultas xerais, os PACS e as urxencias hospitalarias.
2. Director de procesos cirúrxicos.
3. Director de procesos médicos e de servizos centrais.
4. Director de cuidados de enfermería e outros procedementos operativos estándar sanitarios, que interveñen na maioría dos procesos asistenciais. Responsabilízase da a área de cuidados e de servizos xerais de carácter sanitario.

Artigo 15. Funcións dos directores de procesos da Área Sanitaria de Ferrol

Son funcións dos directores de procesos, nos respectivos ámbitos funcionais :

- a. A realización de propostas de novos procesos asistenciais.
- b. O impulso da normalización e desenvolvemento dos procesos asistenciais.
- c. O seguimento da implantación e do funcionamento dos procesos asistenciais.
- d. A dirección asistencial no seu ámbito funcional, en coordinación cos directores de outras áreas funcionais.
- e. Aquelas outras que lles delegue o Director Asistencial de Procesos

CAPÍTULO III: ÓRGANOS COLEXIADOS DE DIRECCIÓN

Artigo 16. Comisión de dirección

Como órgano colexiado de dirección da Área de Ferrol establécese a Comisión de Dirección, presidida polo Director Xerente de Área e constituída polo Director Asistencial de Procesos, polos directores de Procesos, de Recursos Económicos e Servizos Xerais e de Recursos Humanos .

Os subdirectores das direccións de Recursos Humanos e de Recursos Económicos e Servizos Xerais poderán asistir á Comisión de Dirección cando así o estime o Director Xerente de Área.

A Comisión de Dirección reunirse cunha periodicidade semanal, ou a criterio da presidencia, cando as circunstancias de especial interese ou urxencia así o aconsellen.

Artigo 17. Funcións da Comisión de Dirección

Son funcións da Comisión de Dirección:

- a. Estudar os obxectivos sanitarios e plans económicos e de recursos humanos da área, instrumentando programas de xestión de calidade e de dirección por obxectivos e avaliando os seus resultados.
- b. Realizar o seguimento das actividades das áreas clínicas, servizos e unidades da Área Sanitaria de Ferrol.
- c. Estudar as medidas para mellorar por procesos o funcionamento sanitario e de xestión da Área Sanitaria de Ferrol e a súa ordenación e coordinación interna en funcións das necesidades da área sanitaria e de acordo coas directrices do Servizo Galego de Saúde.
- d. Análise e propostas sobre o presuposto anual e a política de persoal da Área Sanitaria de Ferrol.
- e. Estudar e impulsar as propostas que eleven os órganos técnicos e de asesoramento.

CAPÍTULO IV: ÓRGANOS TÉCNICOS DE ASESORAMIENTO

Artigo 18. Órganos técnicos de asesoramento da Comisión de Dirección

Son órganos técnicos de asesoramento da Comisión de Dirección da Área Sanitaria de Ferrol:

- a. A Comisión de Calidade.
- b. A Comisión Asistencial.
- c. Os Comités Técnico - Sanitarios.

Artigo 19. Comisión de calidade

É o órgano técnico de elaboración de plans e asesoramento da Comisión de Dirección en temas de calidade.

A Comisión de Calidade estará composta por:

- a. Ata un máximo de 6 representantes do equipo directivo e dos xefes de servizo da Área de Ferrol, deles como mínimo dous do ámbito extrahospitalario, nomeados polo Director Xerente de Área que designará entre eles, oída a comisión de dirección, o presidente e o secretario.
- b. Os presidentes dos seguintes Comités Técnico-Sanitarios da Área Sanitaria de Ferrol:
 - 1) Comité de Infección, Profilaxe e Política Antimicrobiana.
 - 2) Comité de Mortalidade, tumores e tecidos.
 - 3) Comité de Farmacia e Terapéutica
 - 4) Comité de Historias Clínicas.
 - 5) Comité de Planificación de Coidados.
 - 6) Comité de Docencia e Formación Continuada.
 - 7) Comité de Investigación.
- c. Poderán, así mesmo, formar parte desta comisión os presidentes doutros comités técnico - sanitarios, cando así o considere conveniente o director xerente da Área Sanitaria de Ferrol.

A Comisión de Calidade reunirse como mínimo catro veces ao ano.

Artigo 20. Funcións da Comisión de Calidade

- a. Propoñer o plan de calidade na Área Sanitaria de Ferrol en base ás directrices do Servizo Galego de Saúde.
- b. Promover o desenvolvemento do plan de calidade en base ás directrices do Servizo Galego de Saúde.

- c. Colaborar na implantación e potenciación do funcionamento dos Comités Clínicos.
- d. Incorporar a dinámica de calidade ás unidades de atención ao paciente co fin de garantir a equidade, accesibilidade e información do usuario.
- e. Implicar no plan de calidade a tódolos comités clínicos.

Artigo 21. Comisión asistencial

A Comisión Asistencial é o órgano colexiado de participación dos profesionais para o asesoramento á Comisión de Dirección na toma de decisións.

A Comisión Asistencial ten a seguinte composición:

- a. Ata un máximo de 6 representantes do equipo directivo da Área Sanitaria de Ferrol nomeados polo Director Xerente de Área, que designará entre eles, oída a comisión de dirección, o Presidente e outro Secretario.
- b. Seis xefes servizo ou de sección no seu defecto, deles ao menos dous do ámbito extrahospitalario, un da área médica, un da área cirúrxica, un da área materno - infantil e un de servizos centrais. Serán elixidos por votación dos xefes de servizo, o de sección no seu defecto, da Área Sanitaria de Ferrol.
- c. Seis facultativos, deles ao menos dous do ámbito extrahospitalario, e un por cada unha das áreas médica, cirúrxica, materno - infantil e de servizos centrais, elixidos por votación do persoal facultativo da Área Sanitaria de Ferrol.
- d. Catro enfermeiros, dous do ámbito extrahospitalario e dous de ámbito hospitalario, elixidos por votación do persoal de enfermería da Área Sanitaria de Ferrol.
- e. Un profesional sanitario non facultativo, excluído enfermería, elixido por votación do persoal sanitario non facultativo da Área Sanitaria de Ferrol.
- f. Un especialista en formación residente, elixido por votación dos especialistas residentes da Área Sanitaria de Ferrol.
- g. Un profesional non sanitario, elixido por votación do persoal non sanitario da Área Sanitaria de Ferrol.
- h. Unha persoa do servizo de atención ao paciente, elixida por votación entre os membros do servizo.
- i. O responsable de admisión.
- j. O presidente da Comisión de Calidade.

Os membros electos por votación serán elixidos por un período de dous anos, sen prexuízo da súa posible reelección ata un máximo de catro anos consecutivos. O especialista residente deberá ser igualmente substituído se finaliza o seu período formativo.

A Comisión Asistencial reunirse como mínimo catro veces ao ano.

Artigo 22. Funcións da Comisión Asistencial

- a. Asesorar á Comisión de Dirección naquelas materias que incidan directamente na actividade asistencial da Área Sanitaria de Ferrol.
- b. Coñecer e informar os obxectivos asistenciais, de calidade, docentes e de investigación da Área Sanitaria de Ferrol.
- c. Propoñer as medidas de mellora da organización, funcionamento e calidade da Área Sanitaria de Ferrol.
- d. Coñecer as propostas e acordos dos comités técnico –sanitarios da Área Sanitaria de Ferrol.

Artigo 23. Comités técnico-sanitarios.

Os comités técnico-sanitarios son os órganos técnicos de elaboración de propostas de actuación e de asesoramento permanente da Comisión de Dirección, da Comisión de Calidade e da Comisión Asistencial.

Correspóndelle ao Director Xerente de Área, a proposta da Comisión de Dirección, aprobar a constitución de Comités técnico - sanitarios e asignarlle as súas funcións específicas.

Cada comité técnico - sanitario que se constituía e que non teña un regulamento específico non deberá superar o número de oito membros, nomeados polo Director Xerente de Área, que designará entre eles, oída a comisión de dirección, o presidente e o secretario.

Os comités técnico - sanitarios poderán constituír grupos de traballo ou subcomisións cando así se considere oportuno, actuando como coordinador de cada un deles un membro do comité correspondente, nomeado polo seu presidente.

Como mínimo da Área de Ferrol constituiranse os seguintes comités técnico - sanitarios:

- a. Comité de Ética Asistencial.
- b. Comité de Procesos e de Avaliación Tecnolóxica.
- c. Comité de Historias Clínicas.
- d. Comité de Planificación de Coidados de Enfermería.
- e. Comité de Mortalidade, Tumores e Tecidos.
- f. Comité de Infección, Profilaxe e Política Antimicrobiana.
- g. Comité de Dor.
- h. Comité de Farmacia e Terapéutica.
- i. Comité de Transfusións, Hemoderivados e Anticoagulación.
- j. Comité de Docencia e Formación Continuada.
- k. Comité de Investigación.

Poderán constituírse outros Comités Técnico - Sanitarios cando o considere o Director Xerente de Área en función das necesidades da Área Sanitaria de Ferrol.

Cada Comité Técnico - Sanitario elaborará o seu propio regulamento de réxime interior, cando non estea regulado por unha norma específica, e un documento anual de actividades.

Os Comités Técnico - Sanitarios reuniranse como mínimo catro veces ao ano.

CAPÍTULO V: ÓRGANOS COLEXIADOS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 24. O Comité de Seguridade e Saúde Laboral

É o órgano colexiado de participación dos traballadores da área na prevención de riscos laborais.

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral terá unha composición paritaria entre representantes do Servizo Galego de Saúde e os representantes das organizacións sindicais.

No comité estarán representadas as organizacións sindicais mediante os delegados de prevención. As organizacións sindicais da mesa sectorial de persoal sanitario poderán contar con representación adicional.

O Comité de Seguridade e Saúde Laboral reunirse con carácter trimestral, por iniciativa do seu presidente ou a petición da maioría dos seus membros.

Artigo 25. Funcións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral

Son funcións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral:

- a. Participar na elaboración, posta en práctica e avaliación dos plans e programas de prevención de riscos.
- b. Promover iniciativas sobre métodos e procedementos para a efectiva prevención dos riscos laborais.
- c. Coñecer a situación da prevención de riscos na Área Sanitaria de Ferrol.
- d. Coñecer os documentos e informes relativos ás condicións de traballo e á actividade do servizo de prevención.
- e. Coñecer e analizar os danos producidos na saúde e integridade física dos traballadores relacionados co medio laboral, co obxecto de valorar as causas e propoñer as medidas preventivas oportunas.
- f. Coñecer e informar a memoria e programación anual do servizo de prevención.

Artigo 26. Comisión de Participación Cidadá

Como órgano colexiado de natureza consultiva para a participación dos cidadáns, existirá unha Comisión de Participación Cidadá.

A Comisión de Participación Cidadá contará cos seguintes membros:

- a. O Director Xerente da área Sanitaria de Ferrol que actuará como presidente.
- b. Un representante das entidades locais por cada un dos Servizos de Atención Primaria da Área Sanitaria de Ferrol, propostos polas propias corporacións.
- c. Un representante de cada unha das asociacións de veciños con actuación no ámbito da Área Sanitaria de Ferrol, ata un máximo de tres, propostas polas propias asociacións.
- d. Un representante de cada unha das organizacións de empresarios máis representativas da Área Sanitaria de Ferrol, ata un máximo de tres, propostos polas propias asociacións.
- e. Un representante de cada unha das Organizacións Sindicais máis representativas da Área Sanitaria de Ferrol, ata un máximo de tres.
- f. Os directores de Procesos e de Xestión e Servizos Xerais, con voz pero sen voto. O Director de Recursos e Servizos Xerais da Área Sanitaria de Ferrol actuará como Secretario.

Nomeamento dos membros da Comisión:

- a. Os membros da Comisión de Participación cidadá serán nomeados polo Conselleiro de Sanidade a proposta das representacións que o compoñen.
- b. O nomeamento farase por un período máximo de catro anos, sen prexuízo de que os interesados poidan ser reelixidos sucesivamente, sempre que conten coa representación requirida.

A Comisión de Participación Cidadá reunirse unha vez ao trimestre ou ben a petición do Presidente ou cando así o decidan a maioría dos seus membros.

Artigo 27. Funcións da Comisión de Participación Cidadá

- a. Proponerlles aos órganos de dirección da Área Sanitaria de Ferrol aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
- b. Coñecer o anteproxecto do plan de Saúde, no correspondente á súa aplicación na Área Sanitaria de Ferrol, e ser informados da súa avaliación.
- c. Coñecer a memoria anual da Área Sanitaria de Ferrol, para os efectos de seguimento e avaliación da xestión.
- d. Proponer medidas dirixidas a mellora a xestión sanitaria.

Artigo 28. Réxime económico - orzamentario

A Dirección única da Área Sanitaria de Ferrol inclúe os actuais centros presupostarios 1505 e 1508.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

As áreas sanitarias realizarán as actuacións necesarias para a integración das historias clínicas hospitalarias e extrahospitalarias, para a progresiva implantación da historia clínica informatizada.

Segunda

Quedan adscritas á Área Sanitaria de Ferrol as unidades e postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Sergas do ámbito territorial da Área de Ferrol que desempeñen funcións de asistencia ou xestión sanitaria. A estes efectos, deberán modificarse as correspondentes relacións de postos de traballo.

Os procesos de selección e mobilidade de persoal que convoque o Servizo Galego de Saúde adaptarán as ofertas de prazas á nova estrutura creada no presente Decreto. En consecuencia, a Área Sanitaria de Ferrol figurará como destino adxudicado nos correspondentes nomeamentos e resolucións, sen prexuízo da incorporación dos adxudicatarios nun centro, institución ou localidade en concreto.

Terceira

Os xefes de servizo de atención primaria serán nomeados polo Director Xerente de Área.

Cuarta

O persoal ao que se refire o artigo 5 do Decreto 172/1995, polo que se aproba o Plan de Urgencias da Comunidade Autónoma de Galicia, terá dependencia funcional do xefe do servizo de atención Primaria onde estea situado o PAC para o desenvolvemento das funcións establecidas en dito decreto.

Quinta

Terán a consideración de equipo directivo, aos efectos do establecido no artigo 62 da LOSGA, os directores xerentes e subdirectores dos centros asistenciais con personalidade xurídica propia integrados na área.

Sexta

O Servizo Galego de Saúde promoverá as adaptacións necesarias para que os órganos de representación do persoal da área sanitaria de Ferrol se adecúen á estrutura creada no presente Decreto.

Sétima

O Director Xerente da área Sanitaria de Ferrol asumirá a función de responsable, nos termos definidos pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, de aqueles ficheiros que conteñan datos de carácter persoal dos que son responsables ante a Axencia de Protección de datos o xerente do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide – Novoa Santos e o xerente de atención primaria da Coruña, para o ámbito da área de Ferrol.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

As comisións que na actualidade estean constituídas seguirán o seu funcionamento ordinario, dispoñendo dun período de seis meses para adaptar a súa composición e denominación ao regulado neste decreto.

Segunda

En tanto non se dite unha nova orde de delegación que a substitúa, entenderase vixente, para a dirección de área, a delegación de competencias nos directores xerentes de institucións sanitarias ou nos seus equivalentes, tanto no ámbito da atención primaria como da especializada contida na Orde da Consellería de Sanidade do 14 de marzo de 2002.

As contías contidas na devandita orde de delegación de competencias, entenderase, para a autorización de gastos, propostas de pagamento e celebración de contratacións, sobre o importe total de cada expediente, independentemente de que este afecte a un ou máis centros de gasto da área sanitaria.

Terceira

Mentres non exista un único centro de xestión, aos efectos de xestión orzamentaria, as funcións que correspondan ou poidan estar delegadas nos seus órganos directivos, entenderase que afectan non só aos expedientes que se traten con cargo a un só centro presupostario senón tamén aos que, de forma conxunta, se poidan levar a cabo para ámbolos dous centros que integran o Complexo.

En tanto non exista un único centro de xestión as modificacións de crédito que se efectúen entre os dous centros e que non afecten á clasificación económica, aínda que se trate de

programas de gasto distintos, terían a consideración de redistribucións de crédito, polo que non lles sería de aplicación as limitacións previstas no art. 68 do Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Non obstante o anterior, as facturas que correspondan a gastos xerados no ámbito de Atención Primaria e de Especializada poderían ser imputados a ámbolos dous programas a través de expedientes multiaplicación.

Por parte dos órganos de dirección da dirección única da Área Sanitaria de Ferrol levaranse a cabo tódalas actuacións necesarias para impulsar a unificación dos sistemas de aprovisionamento (contratación, compras, almacenamento e loxística) en xeral para toda a área.

Cuarta

Os contratos en execución no momento en que entre en vigor esta norma, continuarían estándose de acordo cos prazos fixados nos mesmos.

Así mesmo, os expedientes de contratación xa iniciados e pendentes de adxudicación poderán continuar a súa tramitación dende o momento en que se atopen sen necesidade de retrotraer as actuacións.

Quinta

En tanto non sexa nomeado o Director Xerente da Área Sanitaria de Ferrol na forma prevista pola presente norma actuará como Director Xerente de Área de Ferrol o director provincial do Sergas da Coruña.

Sexta

Os directores Provinciais do Sergas exercerán as funcións atribuídas ao Director Xerente de Área nos apartados b), c), d), g), i) e x) do artigo 7 deste decreto para centros sanitarios non integrados na estrutura de área, dependendo directamente do Director da División de Asistencia Sanitaria.

Sétima

O Director Xerente de Área asumirá con carácter xeral tódalas funcións establecidas pola normativa vixente para os xerentes de atención primaria e dos hospitais da área sanitaria de Ferrol.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

(Pendente de redactar)

Queda derogada a normativa que se opoña ao regulado neste Decreto ...

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira

O Conselleiro de Sanidade ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Segunda

O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, 00 de decembro de 2004.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Asdo.: Manuel Fraga Iribarne

O CONSELLEIRO DE SANIDADE

Asdo.: José Manuel González Álvarez

ANEXO. ÁMBITO TERRITORIAL DA ÁREA SANITARIA DE FERROL

A Área Sanitaria de Ferrol inclúe os seguintes concellos:

Concellos
Mañón
Ortigueira
Cariño
Narón
Neda
Cabanas
Monfero
Pontedeume
Cedeira
Valdoviño
As Pontes de García Rodríguez
Ferrol
Cerdido
Moeche
San Sadurniño
Somozas
Ares
A Capela
Fene
Mugardos